



## MEMORIA XUSTIFICATIVA DA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E A SOCIEDADE DEPORTIVA RUBIÁN PARA A ADQUISICIÓN DUN TRACTOR CORTACÉSPEDA PARA O MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

(1) A Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de deportes, de conformidade co previsto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 101 do 27 de maio).

(2) **Antecedentes:** Con data 07/07/2025, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, asinou coa Sociedade Deportiva Rubián un convenio de colaboración para a adquisición dun tractor cortacésped para o mantemento das instalacións deportivas.

Apreciouse un erro xurídico no apartado primeiro da cláusula sétima "Efectividade dos pagamentos" que establece que a acreditación documental da efectividade dos pagamentos dos gasto correspondentes á actuación subvencionada realizarase no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso na conta bancaria do aboamento da subvención. Esta condición non se axusta a dereito, concretamente contradí o establecido no apartado b) do artigo 48 do Decreto 11/2009 que aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia ao que se fai referencia na cláusula sexta que regula a xustificación e libramento de fondo. No dito artigos establece que coa conta xustificativa debe achegarse, entre outra, a documentación acreditativa do pagamento.

Posto que a conta xustificativa debe presentarse con anterioridade ao aboamento da subvención non é posible diferir a acreditación do pagamento a sesenta días naturais dende a data de ingreso do aboamento da subvención na conta bancaria, tal e como establece o apartado primeiro da cláusula sétima.

(3) **Finalidade:** suprimir a cláusula sétima do convenio.

(4) **Obxecto** da addenda é suprimir o contido da cláusula sétima do convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a Sociedade Deportiva Rubián para a adquisición dun tractor cortacésped para o mantemento





das instalacións deportivas, de xeito que non existan incongruencias.

(5) A sinatura da addenda non suporá obrigas económicas para ningunha das partes asinantes.

(6) O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase no seguinte: en virtude da cláusula décimo terceira do convenio, a Comisión de Seguimento do convenio reuniuse o 11/07/2025 para a valoración do axuste a dereito do apartado primeiro da cláusula sétima do convenio, xa que, entre as funcións atribuídas á dita Comisión polo convenio, atópase a de propoñer, de ser o caso, a elaboración de addendas.

A Comisión de Seguimento acorda que a condición establecida no apartado primeiro da cláusula sétima do convenio non se axusta a dereito, concretamente contradí o establecido no apartado b) do artigo 48 do Decreto 11/2009, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ao que se fai referencia na cláusula sexta que regula a xustificación e libramento de fondo. No dito artigo establécese que coa conta xustificativa debe achegarse, entre outra, a documentación acreditativa do pagamento. Posto que a conta xustificativa debe presentarse con anterioridade ao aboamento da subvención non é posible diferir a acreditación do pagamento a sesenta días naturais dende a data de ingreso do aboamento da subvención na conta bancaria, tal e como establece o apartado primeiro da cláusula sétima.

(7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento da addenda para articular as actuacións de referencia, quedando a dita addenda fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario xeral técnico  
Por suplencia (Decreto 136/2024, do 20 de maio)  
A vicesecretaria xeral  
Vanessa Cal Ríos

